



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS Á IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS NAS CIDADES GALEGAS, AVENIDA DE BREOGÁN (LUGO).

Termo municipal: LUGO

Clave: LU/22/217.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 19 de agosto de 2026

Lugo, 17 de xullo de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

LISTAXE DE DIRECCIÓN

EXPEDIENTE: X1848

CLAVE: LU/22/217.06

OBRA: "APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS Á IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS NAS CIDADES GALEGAS, AVENIDA DE BREOGÁN (LUGO)"

CONCELLO: LUGO

PREDIO	TITULAR/ES	ENDEREZO
1	CASTRO NÚÑEZ JOSÉ (**5105**)	R/ SAÚDE, Nº 9 - 27004 LUGO
4		
2	DÍAZ PRADO JOSÉ (HDOS. DE) (**9274**)	C/ del montseny nº 170-1ª -8904 HOSPITALET DE LLOBREGAT
3	GORGOSO BURGO MANUEL (HDOS. DE) (**9098**)	R/ CAMIÑO REAL, Nº 106 - 27004 LUGO
5-6	PARDO RODRÍGUEZ MARÍA DE LOURDES PARDO (**0555**) RODRÍGUEZ CARMEN MARÍA (**0757**) PARDO RODRÍGUEZ MARÍA JOSÉ (**5285**) RODRÍGUEZ COBAS MARÍA DEL CARMEN (**7789**)	PZA/ DE SANTO DOMINGO Nº 6-8-2º - 27001 LUGO

R. 1978

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN, E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN DE ARTESANÍA, DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia na mostra Artesanfroilán de artesanía organizada pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

SEGUNDA: PARTICIPANTES

A presente convocatoria está aberta a:

1.- Obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o establecido no Decreto 218/2001, do 7 setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía da Lei 1/1992 do 11 marzo de Artesanía de Galicia, ou no seu caso na normativa que a derroque e/ou substitúa.

A participación nesta mostra Artesanfroilán de artesanía está reservada a obradoiros artesáns da provincia de Lugo cuxa produción sexa exclusivamente de creación e produción propia, e cuxo material responda ao proceso de transformación e elaboración dunha determinada materia prima; entendéndose este proceso como un cambio substancial na referida materia.

TERCEIRA: LUGAR, DATAS E CARACTERÍSTICAS

A mostra celebrarase na praza Anxo Fernández Gómez, do 02 ao 12 de outubro de 2026, en horario de 11:00 h. A 14:00 h. e de 17:00 h a 21:00 h.

Estará formada por 20 postos de 3x2 metros cada un deles con cadro eléctrico e iluminación, distribuídos do seguinte xeito: 19 destinados á venda de artesanía e un stand para atención e información ó público.

CUARTA: CONDICIÓNS XERAIS DE PARTICIPACIÓN

As persoas interesadas en participar na mostra de artesanía deberán presentar a solicitude coa documentación requirida no prazo e forma establecida nas presentes bases.

Os obradoiros participantes comprométese a non ceder ou transferir en ningún caso a terceiros, os dereitos de participación concedidos pola organización.

Os expositores deberán asegurar nas súas casetas as necesarias condicións de limpeza, hixiene e atención ao cliente, durante os días que dure o mercado.

O Centrad, dependente da Deputación de Lugo será o encargado de definir a organización e colocación dos postos de acordo coas solicitudes presentadas, na perspectiva da correcta imaxe e execución da mostra e da óptima presentación da oferta artesanal que se promove.

Queda expresamente prohibido que os expositores queden cos elementos de rotulación e decoración instalados.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de instar á retirada inmediata no transcurso da Mostra de aqueles produtos que non cumpran os requisitos recollidos nas Bases, ou daquela oferta expositiva que por razóns acreditadas puidera supoñer dano ou prexuízo para o contido ou mensaxe da mostra da propia Deputación de Lugo.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, queda expresamente prohibida a exposición de produtos ou actividades que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista ou que se poida considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Na consideración do deber da Administración Pública de promoción do uso da lingua galega, a lingua de uso da mostra será o idioma galego.

A Mostra estará cuberta pola póliza de seguro de responsabilidade civil da Deputación de Lugo. De igual xeito, as persoas adxudicatarias deberán ter subscrita tamén unha póliza de responsabilidade civil para a actividade que desenvolvan.

A Deputación de Lugo non se fai responsable de perdas, danos ou furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo.

Os produtores/as aceden a que a Deputación de Lugo fotografe, debuxe ou filme as instalacións, así como os servizos e/ou artigos expostos nos mesmos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web

da Área e na prensa. A persoa ou entidade que expón ten dereito a fotografar o seu propio posto e os seus propios produtos, durante as horas de celebración do Mercado.

Se por circunstancias de forza maior, a Deputación de Lugo se vira obrigada a desconvocar ou suspender en todo ou en parte a celebración do mercado, esta desconvocatoria e/ou suspensión non implicará indemnizacións de ningunha natureza para os/as expositores/as admitidos/as.

En caso de non poder asistir á mostra, será preciso achegar unha solicitude de renuncia no prazo máximo dun mes antes do inicio da mesma. No caso de non cumprir con dito requisito, procederase a súa exclusión para participar na seguinte edición de dita mostra.

A presentación da solicitude de participación na mostra de artesanía implica a aceptación total das presentes bases.

QUINTA: CONDICIÓN PARTICULARES DE PARTICIPACIÓN NA MOSTRA

Os traballos de descarga de mercancía, montaxe e acondicionamento de cada posto levaranse a cabo o 01 de outubro de 2026 entre as 08:00 h e as 21:00 h. A retirada e desmontaxe dos postos deberá terse realizada como máximo o día 13 de outubro de 2026 as 20:00 h.

SEXTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en participar na mostra de artesanía deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega como Anexo I, - xunto coa documentación restante requirida no punto 6º das bases- por vía telemática empregando os medios electrónicos legalmente establecidos-

O prazo de presentación será de 10 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Toda solicitude presentada fóra do prazo indicado nas presentes bases será excluída do proceso para participar en dita mostra.

As solicitudes irán acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:

1.- **ANEXO I:** Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.

2.- **ANEXO II:**

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar que establece o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, así como de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Compromiso de aceptación en canto á responsabilidade de obter os permisos municipais para a entrada de vehículos aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, así como as responsabilidades derivadas das perdas, danos, furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra, e calquera dano persoal ou material a terceiros, segundo se establece no punto 4 das bases

3.- **Copia do NIF do solicitante**

4.- **Certificado de obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia**

SÉTIMA: ADXUDICACIÓN DE POSTO

Rematado o prazo de solicitude será a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a través do Centro de Artesanía e Deseño, a encargada de instruír e tramitar os expedientes.

A adxudicación de postos dos participantes na mostra farase seguindo a orde de entrada das solicitudes por vía telemática empregando os medios electrónicos legalmente establecidos.

A resolución que poña fin ao procedemento de admisión deberá expresar as persoas adxudicatarias de cada posto, así coma unha lista de reserva, para os efectos de que, en caso de renuncia, se cubra a vacante co obradoiro suplente, a través da listaxe de suplencias seguindo a orde de entrada por vía telemática empregando os medios electrónicos legalmente establecidos.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de publicación na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

Unha vez comunicada a adxudicación dos candidatos, abrirase un prazo de 5 días naturais para a presentación da copia da póliza de responsabilidade civil para o desenvolvemento da actividade para a que se presenta.

OITAVA: Protección de datos de carácter persoal

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso concorrencia implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

ANEXO I	
SOLICITUDE EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA	
DATOS DO SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

Asdo.:

En _____, a _____ de _____ de 2026

ILMA. SRA. PRESIDENTA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA**

D./D.^a _____ con NIF _____
na condición de: ☐ TITULAR ☐ REPRESENTANTE
do Obradoiro artesán _____ con NIF/CIF _____
Correo electrónico _____ Teléfono _____
Enderezo _____
Concello _____ Provincia _____ C.P. _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE que de resultar seleccionado/a para participar na mostra Artesanfroilán:

1. Acepto ás condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse, así como que son verdadeiros todos os datos e informacións que aporito coa solicitude.
2. Que a Deputación de Lugo queda eximida de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade, segundo se establece no punto 4º das bases.
3. Acepto que, de acordo coas bases, asumo a responsabilidade de obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra, aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, segundo se desprende do punto 5º das bases.
4. Que a persoa física ou xurídica:
 - a. Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpónen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).
 - b. Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
 - c. Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
 - d. Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
 - e. Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado “Correo electrónico”, consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP

E para que así conste, asino en _____ a _____ de _____ de 2026.

Sinatura:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable: Deputación de Lugo

Finalidade: Xestión da admisión dos obradoiros da mostra Artesanfroilán.

Lexitimación: RGPD: 6.1 e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento

Destinatarios: A propia Administración

Dereitos: Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos

Procedencia: A través do interesado por parte do persoal de xestión ou mediante acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios web recollidos no portal da Deputación de Lugo

ILMA. SRA. PRESIDENTA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Lugo, 21 de xullo de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón. O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1988

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL, DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo no mercado de nadal organizado pola Área de Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

SEGUNDA: PARTICIPANTES

A presente convocatoria está aberta a:

1.- Obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o establecido no Decreto 218/2001, do 7 setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía da Lei 1/1992 do 11 marzo de Artesanía de Galicia, ou no seu caso na normativa que a derroga e/ou substitúa.

A participación neste mercado está reservada a obradoiros artesáns da provincia de Lugo cuxa produción sexa exclusivamente de creación e produción propia, e cuxo material responda ao proceso de transformación e elaboración dunha determinada materia prima; entendéndose este proceso como un cambio substancial na referida materia.

2.- Obradoiros de artesanía alimentaria da provincia de Lugo.

Considéranse artesanía alimentaria a actividade de elaboración, manipulación e transformación de produtos alimentarios que, cumprindo os requisitos que establece a normativa vixente, están suxeitos a unhas condicións durante todo o seu proceso produtivo que, sendo respectuosas co medio ambiente, garantan ás persoas consumidoras un produto final individualizado, seguro desde o punto de vista hixiénico-sanitario, de calidade e con características diferenciais, obtido grazas ás pequenas producións controladas pola intervención persoal da artesá ou artesán.

TERCEIRA: LUGAR, DATAS E CARACTERÍSTICAS

O mercado celebrarase na praza San Marcos, do 18 de decembro de 2026 ao 5 de xaneiro de 2027, (agás os días 25 de decembro de 2026 e 1 de xaneiro de 2027) en horario de 11:00h. a 14:00h. e de 17:00h a 21:00h (o 24 e 31 de decembro de 2026 o horario será de 11:00h a 14:00h horas).

Estará formado por 14 casetas de 3X3x2,40m (medidas interiores), cada unha delas con cadro eléctrico e iluminación, nas que se exhibirán os produtos dos obradoiros artesáns.

Unha de ditas 14 casetas quedará reservada para obradoiros de alimentación que rotarán cada dous días ata un máximo de sete obradoiros.

CUARTA: CONDICIÓNS XERAIS DE PARTICIPACIÓN

As persoas interesadas en participar no mercado de nadal deberán presentar a solicitude coa documentación requirida no prazo e forma establecida nas presentes bases.

Non se admitirán solicitudes conxuntas nas que se mesturen obradoiros artesáns e de alimentación. Soamente se poderá presentar unha única solicitude por obradoiro.

A Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, poderá ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución da feira.

Así mesmo, os obradoiros participantes comprométense a non ceder ou transferir en ningún caso a terceiros, os dereitos de participación concedidos pola organización.

Os expositores deberán asegurar nas súas casetas as necesarias condicións de limpeza, hixiene e atención ao cliente, durante os días que dure o mercado.

O Centrad, da Deputación de Lugo será o encargado de definir a organización e colocación dos postos de acordo coas solicitudes presentadas, na perspectiva da correcta imaxe e execución da mostra e da óptima presentación da oferta artesanal que se promove.

Queda expresamente prohibido que os expositores queden cos elementos de rotulación e decoración instalados.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de instar á retirada inmediata no transcurso da Mostra de aqueles produtos que non cumpran os requisitos recollidos nas Bases, ou daquela oferta expositiva que por razóns acreditadas puidera supoñer dano ou prexuízo para o contido ou mensaxe da mostra da propia Deputación de Lugo.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, queda expresamente prohibida a exposición de produtos ou actividades que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista ou que se poida considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Na consideración do deber da Administración Pública de promoción do uso da lingua galega, a lingua de uso da mostra será o idioma galego.

A Mostra estará cuberta pola póliza de seguro de responsabilidade civil da Deputación de Lugo. De igual xeito, as persoas adxudicatarias deberán ter subscrita tamén unha póliza de responsabilidade civil para a actividade que desenvolvan.

A Deputación de Lugo non se fai responsable de perdas, danos ou furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo.

Os produtores/as aceden a que a Deputación de Lugo fotografe, debuxe ou filme as instalacións, así como os servizos e/ou artigos expostos nos mesmos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web da Área e na prensa. A persoa ou entidade que expón ten dereito a fotografar o seu propio posto e os seus propios produtos, durante as horas de celebración do mercado.

Se por circunstancias de forza maior, a Deputación de Lugo se vira obrigada a desconvocar ou suspender en todo ou en parte a celebración do mercado, esta desconvocatoria e/ou suspensión non implicará indemnizacións de ningunha natureza para os/as expositores/as admitidos/as.

En caso de non poder asistir á mostra, será preciso achegar unha solicitude de renuncia no prazo máximo dun mes antes do inicio da mesma. No caso de non cumprir con dito requisito, procederase a súa exclusión para participar na seguinte edición de dita mostra.

A presentación da solicitude de participación no mercado de nadal implica a aceptación total das presentes bases.

QUINTA: CONDICIÓN PARTICULARES DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO

Os traballos de acondicionamento da caseta de cada expositor levaranse a cabo o 17 de decembro de 2026 entre as 08:00h e as 21:00h horas. O desmonte e retirada dos elementos de cada caseta deberá realizarse entre os días 5, 6 e 7 de xaneiro de 2027.

Os obradoiros de alimentación da provincia de Lugo deberán asegurar na súa caseta as necesarias condicións de limpeza, hixiene, e atención ao cliente, sendo necesario que a persoa que atenda o posto dispoña do carné de manipulación de alimentos. Non se permite a venda a granel, por copa/billa/chupito nin similares e non se poderán almacenar, expoñer ou manipular materias perigosas, inflamables, explosivas, insalubres, ou que desprenderan cheiros desagradables en xeral, que poidan molestar a outros expositores ou público en xeral.

SEXTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en participar no mercado de nadal deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega como Anexo I , - xunto coa documentación restante requirida no punto 6º das bases- por vía telemática empregando os medios electrónicos legalmente establecidos-

O prazo de presentación será de 10 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Toda solicitude presentada fóra do prazo indicado nas presentes bases será excluída do proceso para participar na mostra.

As solicitudes irán acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:

1.- **ANEXO I:** Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.

2.- **ANEXO II:**

- Declaración responsable de non estar incurso en nengunha das prohibicións de contratar que establece o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, así como de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Compromiso de aceptación en canto á responsabilidade de obter os permisos municipais para a entrada de vehículos aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, así como as responsabilidades derivadas das perdas, danos, furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra , e calquera dano persoal ou material a terceiros, segundo se establece no punto 4 das bases

3.- **Copia do NIF** do solicitante.

4.- **Certificado de obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.**

Documentación específica para os obradoiros de alimentación:

1.- ANEXO I: Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.

2.- ANEXO II:

1. Declaración responsable de non estar incurso en nengunha das prohibicións de contratar que establece o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, así como de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
2. Compromiso de aceptación en canto á responsabilidade de obter os permisos municipais para a entrada de vehículos aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, así como as responsabilidades derivadas das perdas, danos, furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra , e calquera dano persoal ou material a terceiros, segundo se establece no punto 4 das bases

3.- Copia do NIF do solicitante.

4.- Certificado de Rexistro Sanitario.

5.- Carné de manipulador de alimentos.

SÉTIMA: ADXUDICACIÓN DE POSTO

Rematado o prazo de solicitude será a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a través do Centro de Artesanía e Deseño, a encargada de instruír e tramitar os expedientes.

A adxudicación de postos dos participantes no mercado farase seguindo a orde de entrada das solicitudes por vía telemática empregando os medios electrónicos legalmente establecidos.

A resolución que poña fin ao procedemento de admisión deberá expresar as persoas adxudicatarias de cada posto, así coma unha lista de reserva, para os efectos de que, en caso de renuncia, se cubra a vacante co obradoiro suplente, a través da listaxe de suplencias seguindo a orde de entrada por vía telemática empregando os medios electrónicos legalmente establecidos.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de publicación na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

Unha vez comunicada a adxudicación dos candidatos, abrirase un prazo de 5 días naturais para a presentación da copia da póliza de responsabilidade civil para o desenvolvemento da actividade para a que se presenta.

OITAVA: Protección de datos de carácter persoal

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso concorrencia implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

ANEXO I	
SOLICITUDE INDIVIDUAL EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA	
DATOS DO SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

Asdo.:

En _____, a _____ de _____ de 2026

ILMA. SRA. PRESIDENTA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

D./D.^a _____ con NIF _____

na condición de: ☐ TITULAR ☐ REPRESENTANTE

do Obradoiro artesán _____ con NIF _____

Correo electrónico _____ Teléfono _____

Enderezo _____

Concello _____ Provincia _____ C.P. _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE que de resultar seleccionado/a para participar no mercado de nadal:

1. Acepto ás condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse, así como que son verdadeiros todos os datos e informacións que aporsto coa solicitude.
2. Que a Deputación de Lugo queda eximida de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade, segundo se establece no punto 4º das bases.
3. Acepto que, de acordo coas bases, asumo a responsabilidade de obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra, aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, segundo se desprende do punto 5º das bases.
4. Que a persoa física ou xurídica:
 - a. Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).
 - b. Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
 - c. Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
 - d. Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
 - e. Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado “Correo electrónico”, consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP

E para que así conste, asino en _____ a _____ de _____ de 2026.

Sinatura:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable: Deputación de Lugo

Finalidade: Xestión da admisión dos artesáns e artesás do mercado de nadal.

Lexitimación: RGPD: 6.1 e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento

Destinatarios: A propia Administración

Dereitos: Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos

Procedencia: A través do interesado por parte do persoal de xestión ou mediante acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios web recollidos no portal da Deputación de Lugo

ILMA. SRA. PRESIDENTA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Lugo, 21 de xullo de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón. O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1989

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, PARA A COBERTURA TEMPORAL DE NECESIDADES DO S.A.F.

Mediante Resolución de Alcaldía de data 22 de xullo de 2026, aprobáronse a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego na categoría de axuda no fogar do Concello de Antas de Ulla (Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes e prestación básica), para a cobertura temporal de necesidades do servizo. O prazo de presentación de instancias será de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello (<https://concellodeantas.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, para maior difusión.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan, de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello.

Antas de Ulla, 22 de xullo de 2026.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 1996

LUGO

Anuncio

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ao Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte.

Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 20 de xullo e ata o 21 de setembro do ano 2026, ambos inclusive, pónse o cobro en período voluntario o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó segundo trimestre de 2026.

Para o cobramento do mesmo, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 27 de xullo de 2026.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Advértese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de outubro de 2026 utilizando o mesmo recibo en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 7 de xullo de 2026.- A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, M.^a del Mar Carballas Piñeiro.

R. 1979

PASTORIZA*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN PEÓN DA BRIGADA DE LIMPEZA E MANTEMENTO DA REDE VIARIA MUNICIPAL PARA A SUBSTITUCIÓN DO TRABALLADOR FIXO DESCONTINUO TITULAR DO POSTO.**

O Alcalde do concello da Pastoriza, por Decreto de Alcaldía de data de 21/07/2026 resolveu convocar o proceso de selección dun (1) PEÓN da brigada de limpeza e mantemento da rede viaria municipal , como persoal laboral temporal , por substitución do traballador fixo descontinuo titular do posto, abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO DÍAS HÁBILES (5) a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo .

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello da Pastoriza e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello da Pastoriza (<http://apastoriza.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello da Pastoriza e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello da Pastoriza (<http://apastoriza.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Pastoriza, 22 de xullo de 2026.- O alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 1997

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO DE 2026.**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 02 de xullo de 2026 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Xuño de 2026 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de Xuño de 2026: 1.772.08 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de Agosto de 2026 e o 01 de Outubro de 2026. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 13 de xullo de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1980

RÁBADE*Anuncio*

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data 3 de xullo de 2026 prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 1 de xullo de 2026.- A alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 1981

A RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos 12/2026- expediente de transferencia de créditos- dentro do vixente Orzamento por importe de 12.600,00 € (Doce mil seiscientos euros), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 144, de data 26/06/2026), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 42 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

PARTIDAS DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA

Partida	Denominación	Crédito definitivo antes da modificación	Importe baixa	Crédito definitivo despois da modificación
161.130	Abastecemento de auga potable a domicilio. Persoal laboral fixo.	14.500,00 €	12.600,00 €	1.900,00 €
			Total 12.600,00 €	

PARTIDAS DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO

Partida	Denominación	Crédito definitivo antes da modificación	Importe alta	Crédito definitivo despois da modificación
454.619	Camiños. Outras inversións de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	77.568,33 €	12.600,00 €	90.168,33 €
			Total 12.600,00 €	

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de créditos núm. 12/2026 no orzamento para o ano 2026, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 por remisión do art. 179.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

A Ribeira de Piquín, 22 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico.

R. 1198

SOBER*Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto no artigo 51.1 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Sober, en data 15 de xullo de 2026 adoptou Decreto que di: Delegar no concelleiro don Jose Quevedo Perez a celebración do matrimonio civil entre don Raúl Calero González e dona Mónica Rodríguez Rodríguez, a celebrar o

día 01 de agosto de 2026, no Salón de Plenos do Concello de Sober. Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2º do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro.

Sober, 17 de xullo de 2026.- O alcalde, Luis Fernandez Guitian.

R. 1982

XOVE

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos número 11/2026

Tendo sido aprobado polo Pleno deste Concello o Expediente de Modificación de Créditos nº 11/2026 de Crédito Extraordinario, por acordo adoptado en sesión celebrada o 18 de xuño de 2.026, non tendo sido presentada ningunha reclamación ao mesmo, dando cumprimento ao que dispón o artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público que dito expediente ascende a SETENTA MIL EUROS (70.000,00 €) quedando o Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento Xeral para 2.026 como de seguido se reflicte:

ESTADO DE GASTOS

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	3.894.279,91
2	Gastos en bens correntes e servicios	3.822.702,50
3	Gastos financeiros	2.600,00
4	Transferencias correntes	522.800,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	1.644.275,78
	TOTAL GASTOS	<u>9.886.658,19</u>

ESTADO DE INGRESOS

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	4.083.000,00
2	Impostos indirectos	360.000,00
3	Taxas e outros ingresos	2.289.760,00
4	Transferencias correntes	2.180.279,47
5	Ingresos patrimoniais	180.800,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
7	Transferencias de capital	615.534,58
8	Activos financeiros	1.167.284,14
	TOTAL INGRESOS	<u>10.876.658,19</u>

Segundo dispón o artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Texto Refundido, contra este Expediente poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Xove, 20 de xullo de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1983

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ

Anuncio

BASES PARA A PROVISIÓN DE 5 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PEÓN FORESTAL FINANCIADO CO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O MANTENEMENTO DOS ESPAZOS NATURAIS DOS MUNICIPIOS DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ- 2026.

1.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é regular o proceso selectivo para cubrir como persoal laboral temporal mediante concurso-oposición, 5 prazas de peón forestal para o mantemento dos espazos naturais dos municipios que conforman a Mancomunidade de municipios da “Terra Chá”, ao abeiro da subvención “*na Orde do 16 de xaneiro de 2026 , pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia*”

2.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

Esta contratación laboral rexerá polo disposto:

- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.
- Lei 7/ 2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público.
- Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Real Decreto- Lei 14/2025, de 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.
- Real Decreto-Lei 3/2026, de 3 de febreiro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia de Seguridade Social.

3.- PUBLICIDADE

As presentes bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá, así coma no Boletín Oficial da Provincia. Os resultados das probas, así como as citacións e emplacements aos aspirantes, publicaranse no taboleiro de anuncios da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.

3.- TEMPO, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓN

A modalidade de contratación será laboral temporal na modalidade de circunstancias de produción ao amparo do Real Decreto- Lei 32/2021, de 28 de decembro.

A duración do contrato será dunha duración máxima de 80 días, tendo en conta os prazos da subvención.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación do empregado público de Galicia.

As retribucións brutas mensuais son 1.424,50€/peón forestal/mes, en 12 pagas.

4.- REQUISITOS E CONDICIÓNES ESIXIDOS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

3.1: Requisitos xerais:

- a) Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Titulación: Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria ou equivalente; ou documento xustificativo do pago das taxas por expedición do Título, cando aínda non se posúa o mesmo.
- c) Nacionalidade: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e os nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

d) Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Incompatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) Coñecemento da lingua galega: De acordo ao establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo : *“Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.”*

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA 2 ou equivalente homologado, deberá superar unha proba sobre o coñecemento do idioma galego.

5.- FUNCIÓNS.

As funcións e tarefas a realizar serán as seguintes:

- As propias da categoría con incidencia especial no mantemento dos espazos naturais nos municipios que coforman a Mancomunidad de Municipios da “Terra Chá”.

6.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Concurso-oposición.

Garantizarase a publicidade da convocatoria así como o cumprimento dos principios de libre concorrência, mérito e capacidade.

As instancias solicitando formar parte no proceso selectivo dirixiranse ó sr. Presidente da Mancomunidad. Presentaranse no Rexistro Xeral da Mancomunidad con sede no Concello de Cospeito, Av. De Terra Chá, 29 Feira Do Monte, Cospeito así como como na sede electrónica da Mancomunidad: <https://mancomunidadeterracha.sedelectronica.gal/>, debidamente cubertas segundo o anexo I, durante o prazo de 5 (cinco) días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia Lugo. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común. Se se opta pola presentación noutros rexistros, deberá remitirse por correo electrónico (administrativo@mancomunidadeterracha.org) á Mancomunidad de Municipios da Terra Chá unha copia da instancia o mesmo día de presentación no rexistro correspondente.

Xunto coa instancia presentarase a seguinte documentación (orixinal ou compulsada):

- DNI do interesado ou documento equivalente.
- Titulación académica.
- Relación de méritos que se alegan, xunto coa acreditación documental dos mesmos, de ser o caso.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega, de ser o caso.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Presidencia da Mancomunidade aprobarase a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Edictos da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá e Taboleiro de Edictos físico do Concello de Cospeito por ser sede da Mancomunidade, outorgando un prazo de 2 (dous) días naturais para correccións ou emenda de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello de Cospeito e na Web da Mancomunidade.

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. O Tribunal cualificador estará constituído polo persoal que estableza ao efecto a Resolución de Presidencia que se dicte, debendo axustarse ao establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario da Mancomunidade ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

2. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que celebre o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

3. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 do mesmo texto legal.

4. O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nas bases.

5. O Tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

6. O Tribunal no poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de participantes que superaran a fase de oposición non seleccionados se establecerá unha lista de reserva para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse.

7. O Tribunal cualificador adoptará as medidas necesarias para establecer as adaptacións e axustes razoables, tanto en tempos como en medios, no proceso selectivo para os aspirantes con discapacidade, cando así se indicase polo/a interesado/a na solicitude de participación no proceso de selección.

8. A Resolución que conteña a composición do tribunal e a data, hora e lugar da valoración dos méritos e da proba práctica, publicarase no Taboleiro de Edictos da Mancomunidade de Municipios de Terra Chá e no Taboleiro de Edictos físico do Concello de Cospeito por ser sede da Mancomunidade.

A efectos de percepción de asistencias, rexerá o Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, de ser o caso.

8.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección é o de concurso-oposición.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou permiso de conducir.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de 2 días naturais para presentar alegacións á corrección dos exercicios da oposición e á valoración do concurso.

A orde de actuación das persoas aspirantes iniciárase pola persoa cuxo primeiro apelido comece pola letra escollida no sorteo realizado pola Consellería de Facenda e Administración Pública para determinar a orde de aspirantes nos procesos selectivos da Xunta de Galicia do ano 2026, desbotando as preposicións dos apelidos compostos (letra M- DOG do 26/01/2026).

A) **FASE DE OPOSICIÓN:** puntuación máxima 10 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios:

1.º exercicio: Exáme práctico que consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións propias do posto de traballo. O exercicio valorarase cun máximo de 10 (dez) puntos, sendo necesario un mínimo de 5 puntos para superalo.

2.º exercicio: De carácter obligatorio e eliminatorio, estará dirixido a comprobar o coñecemento do idioma galego polas persoas aspirantes. Consistirá nun exercicio tipo test a realizar nun tempo máximo de 30 (trinta) minutos. A cualificación que se outorgue será a de “apto” ou “non apto”, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan cualificados de aptos. De conformidade co establecido no art. 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos da realización deste exame as persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 2, a validación do curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente (anexo I, 4 da Orde do 16 de Xullo 2007, DOG do 30 de Xullo de 2007).

B) **FASE DE CONCURSO:** puntuación máxima 5 puntos.

Unha vez rematada a fase de oposición, procederase á valoración da fase de concurso só para as persoas aspirantes que superaron a fase de oposición:

1. Experiencia profesional: puntuación máxima 3,50 puntos.

a) Experiencia profesional en traballos como peón forestal en administracións públicas: 0,30 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 2,50 puntos.

b) Experiencia profesional en traballos como peón forestal en empresas públicas ou privadas do sector: 0,10 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1 punto.

A experiencia profesional acreditarase co certificado dos servizos prestados ou coa copia compulsada dos contratos de traballo e informe da vida laboral actualizado.

2. Cursos relacionados coas funcións a desempeñar: puntuación máxima 1,50 puntos.

- Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, ata un máximo de 1,50 puntos, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

a) Duración igual ou superior a 50 horas, a razón de 0,25 puntos/curso.

b) Duración igual ou superior a 150 horas, a razón de 0,50 puntos/curso.

c) Duración igual ou superior a 300 horas, a razón de 0,75 puntos/curso.

Acreditarase a formación coa copia compulsada dos diplomas dos cursos realizados.

Os puntos obtidos na fase de concurso, sendo a puntuación máxima a otorgar nesta fase de 5(cinco) puntos, sumaránse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva para formación da listaxe de reserva.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida na fase de oposición.

2. Puntuación obtida no apartado 1 da fase de concurso.

3. Puntuación obtida no apartado 2 da fase de concurso.

9.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN.

1. Rematado o proceso selectivo, o tribunal declararán persoas aprobadas as persoas aspirantes que obtivesen a maior puntuación ata un máximo de 5 e elevará á Alcaldía proposta para a súa contratación como persoal laboral temporal. Este acordo poderá recorrerse en alzada perante a Alcaldía, sen prexuízo da presentación de alegacións á avaliación dos exercicios da fase de oposición ou concurso.

2. O tribunal non poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas, sendo éste total de 5 (cinco) persoas aspirantes

3. En caso de non haber ningún aspirante que superase o proceso selectivo, o tribunal declararao deserto.

Finalizado o procedemento selectivo, e establecida polo Tribunal a orde de preferencia dos candidatos segundo a puntuación obtida no dito proceso, publicarase a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de Anuncios da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá, e no Taboleiro de Anuncios físico do Concello de Cospeito, por ser sede da Mancomunidade, non podendo declarar que foron seleccionados un número maior de persoas aspirantes ao de postos de traballo convocados, e o mesmo elevará a devandita relación á Presidencia que ditará resolución de contratación.

10.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E PERÍODO DE PROBA.

No tempo que medie entre a formalización do respectivo contrato e a incorporación do candidato ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada laboral na medida e forma requeridas polo interese do servizo, dacordo coa legislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba, coa alcance previsto no texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

O contrato de traballo formalizarase cos aspirantes seleccionados, os cales deberán presentar a seguinte documentación no prazo de 2 (dous) días naturais a contar desde a publicación do resultado da selección:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme (Anexo II).

- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

- Certificado do número de conta bancaria (IBAN).

- Certificado médico de aptitude para o traballo a realizar.

As persoas aspirantes propostas para a contratación que no prazo de 2 (dous) días naturais antes sinalado non presentara a documentación esixida, agás causa de forza maior debidamente acreditada, ou non reunise os requisitos esixidos non poderá ser contratado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer por falsidade.

11.- LISTAXE DE RESERVA.

1. As persoas aspirantes que superasen á fase de oposición sen chegar a obter praza, serán incluídos nunha bolsa de emprego para a cobertura temporal daquelas vacantes ou baixas temporais que poidan ter lugar nas prazas convocadas e polo tempo que reste ata completar o tempo máximo de duración da praza de persoal laboral temporal convocada, duración máxima de dous meses, en cada unha das cinco prazas convocadas.

2. A constitución da bolsa de emprego non crea dereito algún a favor dos seus integrantes, salvo a do seu chamamento para a contratación como personal laboral temporal que no seu caso proceda e pola orde establecida, sempre que se dean algunha das circunstancias para as que se constituíu a bolsa e o órgano competente o considere necesario.

3. Serán causas de exclusión da bolsa de traballo:

- a) A non achega, no seu caso, de documentación que poida ser requirida ao aspirante.

- b) Non comparecer á toma de posesión no día establecido polo órgano competente,

- c) Ter a consideración de “non apto” no certificado requerido no caso de chamamento.

- d) A exclusión dun integrante da bolsa deberá serlle notificado por escrito,

A non aceptación da proposta de traballo ofertada mediante chamamento sen concorrer algunha das causas de non exclusión que seguidamente se detallan non será causa de exclusión pero supoñerá para a persoa afectada pasar ao último lugar da bolsa.

4. Non serán causa de exclusión da bolsa de traballo as seguintes circunstancias, debidamente acreditadas no prazo máximo de tres días naturais desde o chamamento:

- a) Baixa por maternidade ou paternidade.

- b) Baixa por enfermidade ou accidente.

- c) Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

- d) Estar a traballar en calquera organismo público ou empresa privada.

- e) Cumprimento dun deber inexcusable de carácter público e temporal. Estas persoas manterán por tanto a súa posición na bolsa de emprego.

A non acreditación destas circunstancias no prazo indicado non será causa de exclusión pero supoñerá para o afectado pasar ao último lugar da bolsa. No caso de que se acrediten ditas circunstancias en prazo, a persoa aspirante continuará na mesma posición que ocupaba inicialmente, aínda que non será activado na bolsa e non se lle ofrecerá ningunha contratación ata que comunique á Mancomunidade a súa dispoñibilidade por modificarse a

causa que alegou para non aceptar a oferta de traballo. A realización dunha contratación non exclúe a posibilidade de ser contratado novamente noutras ocasións, nin fai perder ao aspirante a posición que ocupaba na lista de aprobados.

5. A bolsa de traballo será pública e estará ao dispor dos interesados para a súa consulta.

6.- Esta bolsa terá vixencia durante o período de contratación, polo tempo que reste ata un máximo de 2 meses.

7. O procedemento de chamamento: O chamamento producirase por rigorosa orde de puntuación no seguinte sentido: A medida que se produzan necesidades cuxa cobertura sexa solicitada procederase da seguinte forma:

a) Procedemento xeral: Contactarase telefonicamente (mediante chamada) e mediante comunicación de e-mail coas persoas aspirantes seguindo rigorosamente a orde establecida na bolsa. A persoa aspirante deberá dar unha contestación á oferta de emprego no prazo máximo de vinte e catro horas desde que sexa localizado. Realizásenso como máximo tres intentos de comunicación en horas distintas e polo menos dúas deles en días diferentes.

b) Procedemento de urxencia: Contactarase telefonicamente (mediante chamada) e mediante comunicación de e-mail coas persoas aspirantes seguindo rigorosamente a orde establecida na bolsa. A persoa aspirante deberá dar unha contestación á oferta de emprego no prazo máximo de dúas horas desde que sexa localizado. Realizásenso como máximo tres intentos de comunicación en horas distintas. No caso de que non se poida localizar a unha persoa aspirante despois de tentar tres intentos de comunicación no horario de 8:00 a 15:00 horas, procederase a chamar a seguinte persoa aspirante da lista, sendo a persoa aspirante non localizado colocado na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente na lista de espera. Das xestións realizadas deixarase constancia por escrito no expediente.

Achega de documentación e contratación. As persoas aspirantes que sexan chamados e propostos para a súa contratación, previa aceptación dos mesmos, deberán chegar no prazo máximo de 3 (tres) días naturais (salvo causa xustificada) desde a aceptación da contratación a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme (anexo II).
- Fotocopia da cartilla da S.S.
- Nº de conta bancaria cos 24 díxitos.
- Certificado médico de aptitude para o traballo a realizar.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do postos obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia das persoas seleccionadas, impedimento para ser contratados e outras circunstancias análogas que se poidan producir, e polo tempo que reste ata completar os dous meses de contrato previsto na convocatoria.

Cumpridos os requisitos sinalados, a Presidencia procederá a formalizar a contratación coa persoa seleccionada, estando obrigada a persoa contratada a prestar a súa xornada laboral na medida e forma requeridas polo interese do servizo, dacordo coa lexislación aplicable, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

Cospeito, 14 de xullo de 2026.- O presidente, don Armando Castosa Alvariño.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PRAZA DE PEÓN FORESTAL

D./D^a. _____,
con DNI nº _____
e domicilio en _____,
teléfono nº _____.

EXPÓN:

- 1.- Que enterado/a da convocatoria realizada pola Mancomunidade de municipios da “Terra Chá” para cubrir, mediante concurso-oposición, CINCO prazas de PEÓN FORESTAL cunha duración máxima de 80 días.
- 2.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declara coñecer.
- 3.- Que xunta coa presente instancia a seguinte documentación:
 - 2.- Que xunta coa presente instancia a seguinte documentación (orixinal ou compulsada):
 - DNI do interesado ou documento equivalente.
 - Titulación académica: Título de graduado en ESO ou equivalente; ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do Título, cando aínda non se posúa o mesmo.
 - Documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega ou equivalente homologado, de ser o caso.
 - Relación e documentación acreditativa de méritos que se alegan, de ser o caso.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable	Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.
Finalidade do tratamento	Tramitación da solicitude de participación no proceso selectivo, avaliación da documentación presentada, xestión do proceso e realización dos trámites derivados del.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd).
Comunicación de Datos	Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados no Taboleiro de anuncios da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle corresponda dirixindo a súa solicitude a Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá a través da sede electrónica da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá, o unas Oficinas Xerais
Información adicional	Pode consultar máis información https://mancomunidadeterracha.sedelectronica.gal/privacy.9

En base ao exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente solicitude xunto cos documentos que se acompañan e sexa admitido/a á realización das probas selectivas convocadas.

Cospeito, a ____ de _____ de 2026.

Asdo.: _____.

A/A: SR. Presidente da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá
Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102
Email: administrativo@mancomunidadeterracha.org

ANEXO II

D./D^a. _____ ,
con DNI nº _____
e domicilio en _____ ,
teléfono nº _____ .

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme ou resolución administrativa firme.

Cospeito, a ____ de _____ de 2026.

Asdo.: _____.

MINISTERIO DE FACENDA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - XERMADE

Anuncio

CONVOCATORIA PREMIOS XIV TROFEO D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

BDNS (Identif.): 920206

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/920206>)

ANUNCIO DA CONVOCATORIA PREMIOS XIV TROFEO D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 15/07/2026, acordouse o seguinte:

“BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS POR CLASIFICACIÓN NO XIV TROFEO “D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ”. EXPTE. 505/2026.

O Concello de Xermade, no marco da Lei 7/85 do 2 de Abril Reguladora das Bases de Réxime Local, ten atribuídas competencias polo artigo 25.2 m) “Actividades ou Instalacións Culturais e Deportivas: ocupación do tempo libre; Turismo”, e en desenvolvemento de tales competencias, a concesión de premios por clasificación no XIV Trofeo de fútbol “D. Manuel González Fernández”.

A normativa aplicable será:

Bases de execución do Concello de Xermade, exercicio 2026

Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións

Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia

Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Xermade

En tal sentido considérase preciso ditar normas, así como estruturar e fixar obxectivos, polas esixencias de axustarse aos principios de igualdade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia, eficiencia e non discriminación (art. 8.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións) na concesión de premios aos deportistas segundo a clasificación no XIII Trofeo de fútbol “D. Manuel González Fernández”, con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2025.

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

Poderán participar os equipos con sede no municipio de Xermade que estean federados. Os xogadores deberán ter a ficha actualizada.

Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente convocatoria as solicitudes que difiran do anteriormente exposto.

Os premios por clasificación serán os seguintes:

1º clasificado: 600 euros

2º clasificado: 525 euros

3º clasificado: 475 euros

4º clasificado: 450 euros

O trofeo xogarase os días 8, 9, 15 e 16 de agosto de 2026 nos campos de fútbol de Roupar, Xermade, Cabreiros e Cazás.

A Federación Galega de Fútbol rexerá o trofeo; os cambios serán os que especifica o regulamento (cinco) e en caso de empate na eliminatoria, resolverase na tanda de penaltis. En caso de dúbida, resolverá a Federación Galega de Fútbol.

Artigo 2.- Documentación para a formalización das solicitudes de premios económicos.

Os equipos que desexen participar deberán presentar:

- Impreso de solicitude (segundo modelo do anexo I), asinado polo representante do equipo
- Certificado da conta bancaria na que desexen que se lles ingrese o premio

A documentación presentárase antes do 7 de agosto de 2026 no Rexistro Municipal do Concello de Xermade, a través da sede electrónica.

Artigo 3.- Procedemento de concesión, resolución e pago.

A forma de concesión será en base á clasificación da proba elaborada pola Federación Galega de Fútbol, de maneira que se premiasen aos/ as clasificados/ as da competición consonte ao exposto no artigo 1.

Recibida a clasificación da Federación, a concellaría delegada de deportes elaborará un informe para a concesión dos premios correspondentes. O abono dos premios deportivos materializarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria que conste coa documentación entregada polo beneficiario.

O prazo máximo para a adopción de acordo por Resolución da Alcaldía-Presidencia da concesión de premios, obxecto desta convocatoria, será de trinta días desde a data de celebración.

Con carácter previo ao abono dos premios comprobarase de oficio pola Tesouraría municipal que os beneficiarios se atopan ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social.

Artigo 4.- Dotación orzamentaria.

Destínase un crédito de 2.050,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 342.489.

Artigo 5.- Obrigas dos beneficiarios.

Os/as beneficiarios/ as de premios do XIV Trofeo de fútbol “D. Manuel González Fernández” quedarán obrigados/as ao sometemento ás actuacións de comprobación que crea convenientes o órgano interventor do Concello de Xermade.

Os custes de arbitraje serán a cargo dos equipos participantes, así como o resto dos custes de organización do evento.

Artigo 6.- Publicidade e notificación dos premios.

A concesión dos premios publicarase na páxina web do Concello de Xermade, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios . Así mesmo, darase conta á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Segundo o artigo 45.1. B da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a publicación da Resolución no taboleiro de anuncios do concello substituirá á notificación fornecendo os súas mesmos efectos.

Artigo 7.- Réxime de infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións administrativas, estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia.

Disposición final primeira.

A presentación de solicitude de premio implica o coñecemento e aceptación destas Bases, da Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Xermade, e da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia, así como cantas normas sexan de aplicación a este tipo de subvencións, tanto de carácter directo como subsidiario.

Disposición final segunda.

Para o non regulado nestas bases, estarase ao disposto na Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Xermade, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia e o seu Regulamento, na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015 , do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Xermade, na data da sinatura dixital.

O técnico local de emprego, Ernesto Ares Yáñez. Visto e praxe, a concelleira de deportes, Verónica Amarelo Morado.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

XIV TROFEO DE FÚTBOL

“Manuel González Fernández”

ANO 2026

Datos da entidade/club participante:

Nome _____, con CIF _____

Enderezo _____

Concello _____ Código Postal _____

Datos do Representante:

Nome e Apelidos _____

con DNI _____, en calidade de _____

Con enderezo en _____

no Concello de _____, Código Postal _____

Teléfono de Contacto _____ e Correo Electrónico _____

DECLARA:

Primeiro.- O coñecemento e aceptación destas Bases, da Ordenanza Xeral Reguladora de subvencións no Concello de Xermade, e da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e a Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia, así como cantas normas sexan de aplicación a este tipo de subvencións, tanto de carácter directo como subsidiario.

Segundo.- Que a entidade á que represento está ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social, e autorizo expresamente ao Concello de Xermade para obter os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria estatal, autonómica e Seguridade Social.

O/A representante

Xermade, ____ de _____, de 2026”

*NOTA: A todos os efectos, en caso de erro, terá prioridade o texto publicado na lingua cooficial.

Xermade, 20 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, Roberto García Pernas.

R. 1984
